

1 Líder FÚTBOL

INFANTIL GALEGA
GRUPO SUR
PERMANENCIA



4 3

ALZAN O VOO

O Calasancio despega na táboa tras encadear tres xornadas puntuando e dúas vitorias consecutivas no seu grupo pola permanencia. O último triunfo foi ante o Lárez, nun encontro no que Adrián asinou un hat trick co que xa é máximo goleador lucense na Liga Galega infantil

Foto: Dosi

» TEMPORAL

SUSPENDIDOS CENTOS de partidos en Galicia

Félix fixo acto de presenza en toda a comunidade galega ao longo da fin de semana. Dende o sábado ao mediodía suspendéronse as competicións de fútbol base en Pontevedra e A Coruña, pero en Lugo xogáronse practicamente todos os encontros. Deportes coma o baloncesto suspenderon toda a xornada pola recomendación de non transitar polas estradas

» DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL

O RÁcing VILLALBÉS instálase na Magdalena

Os de Simón Lamás cambiaron de escenario e chamaron con forza á porta do primeiro equipo tras impoñerse con autoridade ao Areosa, sumando tres puntos cos que abandonan o último posto. O Lugo suspendeu o encontro que tiña que xogar en Cangas ante o Alondras

RC VILLALBÉS 3-1 CD AREOSA

premioslíder²⁰¹⁸
fútbol-base lucense

A 10ª Edición xa está en marcha. É a quenda das nominacións, que se irán publicando a partir do vindeiro luns, 19 de marzo, en cada suplemento do Líder. Os primeiros en coñecerse serán os elixidos dos equipos que compiten polo campionato Provincial infantil

O Villalbés gaña e convence no mellor campo da categoría

A MAGDALENA ACOLLEU O ENCONTRO ANTE O AREOSA e os de Simón Lamas demostraron que son moito máis que loita e entrega. Os chairegos xa abandonaron o último posto



Juanjo sacando o balón controlado ante Clemente



Moreda evitando a dura entrada dun defensa visitante



Alberte en plena transición ofensiva na Magdalena



Diego saíndo airoso dun duelo directo cun dianteiro



Arbitro: Alejandro Ferreiro, Ángel Pérez e Antón Llenderozas Campo: A Magdalena

“Disfrutamos moito no campo para o que nos preparamos todos os días. Incrible a sensación despois do gran partido dos rapaces”

SIMÓN LAMAS Rácing Villalbés



Carlos, Diego, Charly e Cadenas ao remate do encontro

Cuarta vitoria para o Rácing Villalbés na División de Honra xuvenil, competición na que os de Simón Lamas abandonaron esta xornada o último posto e xa se fixan no Llano como próximo rival a cazar.

O escenario cambiou para o Rácing, pero a boa dinámica continuou. A Magdalena, o mellor campo no que se disputou un partido da División de Honra esta tempada, recibiu aos chairegos, que demostraron que se curten día a día no Roca, o mellor escenario para dar o salto a este campo e ao equipo de Terceira División.

O aire coouse como invitado principal, soprando con forza a favor do Villalbés nunha primeira parte na que xogaron coas ideas moi claras e na que puxeron terra polo medio no marcador con dous goles tras enlazar dúas contras letais. Ambas iniciadas por Alberte, na primeira cun recorte que se traxou un defensa local e propiciou un claro penalti que

4

PARTIDOS restan para que finalice a División de Honra xuvenil, nos que o Rácing visita Mareo, recibe ao Celta e TSK e viaxa casa do Perines

1

NOVO DEBUT Nesta ocasión chegou o turno de David, que se incorporou recentemente ao club chairego procedente do Polvorín

transformou Moreda, e na segunda ao servir un bo balón ao nove para que este asistise a Hugo no segundo pau.

Co partido totalmente controlado chegouse á segunda parte, na que o guiñon cambiou á vez que o aire favorecía aos visitantes.

O Villalbés tivo que tirar dunha das súas mellores armas, a solvencia defen-

siva, Juanjo e Diego multiplicáronse nos balóns aéreos e Clemente estivo moi atento en todas as saídas.

O Villalbés defendeuse con orde, pero o Areosa atopou o gol que buscaba para meterse de cheo na loita polos puntos a falta dun cuarto de hora para o final.

Esperábanse os peores momentos para o Villalbés. Con todo, á contra os de Simón Lamas foron os protagonistas ofensivos no tramo final do encontro.

Moreda dispuxo doutro lanzamento de penalti, que nesta ocasión non o puido transformar, pero nos minutos finais Charly sentenciou o partido ao culminar unha contra que

iniciou Gabri cunha gran xogada persoal.

Ao final, vitoria xusta e merecida do Rácing Villalbés sobre a alfombra da Magdalena, coa que os chairegos superan ao Santiago na clasificación e quédanse a dez puntos da permanencia cando restan catro encontros por disputar. O próximo, ante o Spórting de Gijón noutro escenario único, Mareo.

10

GOLES DE MOREDA

O punta xa está en números dos grandes dianteiros da categoría e aínda dará máis que falar nas catro xornadas que restan

TEMPORAL



O ENCONTRO QUE DEBÍA MEDIR AO ALONDRAS CO LUGO FOI APRAZADO

O único encontro que non se disputou nesta xornada na División de Honra xuvenil foi o que debía medir ao Lugo co Alondras en Cangas, xa que o pasado sábado suspendeuse toda a actividade deportiva ao aire libre nas Provincias de Pontevedra e A Coruña. O resto de encontros disputáronse nunha xornada pasada por auga, pero sobre todo marcada polo vento, e na que o Rácing Villalbés abandonou o último posto.



Nassim e Pablo presionando a un xogador do Deportivo B



Arbitro: Iván Abel Bruzos. Miguel Rodríguez e Miguel Pin Campo: A Fonte - Cospeito - Lugo



David presionando a un xogador do Deportivo na banda

Excesivo premio para o Deportivo

O LUGO B, COMO MÍNIMO, MERECEU O EMPATE nun encontro marcado por unha acción illada a balón parado na primeira metade

“O equipo fixo méritos suficientes para que o resultado final fose distinto” BRUNO RODRÍGUEZ CD Lugo B

6

PARTIDOS MARCANDO

O Lugo B quedouse sen ver porteria rival despois de marcar, como mínimo, un gol nas seis xornadas anteriores

gañando en protagonismo. Situouse en repliegue e exerceu unha boa presión en primeira liña para roubar e saír á contra con espazos. Froito diso chegaron as primeiras ocasións en contragolpes por medio de Álex, Óscar e Nassim, pero cando máis preto parecía que estaba o gol dos lucenses, o Deportivo B inaugurou o marcador.

O cero a un chegou na recta final da primeira parte, tras unha falta no vértice da área grande que terminou co balón no fondo da porteria sen que ningún lle tocase tralo golpeo.

A vantaxe dos herculinos ao descanso era demasiado premio, pero aínda máis o foi que a segunda metade terminase co mesmo resultado .xa que o Lugo B mos-



Álex conducindo o balón en mediocampo ante dous rivais

trouse superior ao longo destes corenta e cinco minutos, nos que Sebas apenas tivo que intervir e nos que o Deportivo B mantívose.

Practicamente toda a segunda parte xogouse en campo visitante. O Lugo B conseguiu roubar en tres cuartos de campo, pero non conseguiu ter demasiadas ocasións claras polo que o asedio quedouse sen derruba. Tan só algunha acción de Jesús por banda esquerda e varios balóns

á área que non atoparon rematador.

O Lugo B non cesou no seu empeño de buscar a porteria rival ata o subido final, pero os tres puntos voaron para A Coruña tras un encontro no que, como mínimo, os albi-vermellos mereceron parte do botín en xogo na Fonte.

Os de Bruno Rodríguez mediranse co Lérez na próxima xornada. No partido de ida o encontro rematou con empate a tres.

O Sagrado Corazón iniciou, da man de Quescrem, un programa social

O CLUB E O SEU PRINCIPAL PATROCINADOR iniciaron, no CEIP As Gándaras, unha rolda polos centros escolares coa intención de sensibilizar á poboación infantil dos beneficios do deporte e os hábitos saudables



Todos os asistentes á charla que se levou a cabo no CEIP



Un momento da charla con preguntas a Dani Díaz

O Sagrado Corazón visitou o CEIP As Gándaras, dentro dun programa social desenvolvido polo club capitalino e o seu principal patrocinador para sensibilizar á poboación infantil dos beneficios do deporte e os hábitos saudables.

A primeira experiencia foi un éxito, xa que tanto o alumnado como o profesorado do centro compartiron experiencias co Coordinador da Escola de Fútbol e Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Dani

Díaz, que foi o encargado de dirixir a charla a través dunha presentación lúdica na que interactuou cos alumnos para facer máis amena a charla e que así comprendesen todo o exposto con facilidade.

Ao finalizar sorteouse de merchandising do Sagrado Corazón e cada asistente recibiu un produto da marca Quescrem: un queixo de crema de chocolate e abelás con menos calorías, materia graxa e libre de aceite de palma.



Dani Díaz entregando un obsequio do patrocinador

O Viveiro necesita un novo reto

TERCEIRA DERROTA CONSECUTIVA tras descolgarse da loita polo ascenso á Liga Nacional



David Ben medíndose en velocidade cun rival | P. Losada

“No voy a permitir que el equipo se deje ir en lo que resta de temporada”

ANTONIO SERRANO Viveiro CF



Arbitro: Gabriel Polo. Jorge Michelena e Juan Carlos Polo. Campo: Cembedo - Viveiro

4 **11**

PUNTOS DOS ÚLTIMOS 21

en xogo son os que suma o Viveiro tras unha vitoria, un empate e cinco derrotas nas últimas sete xornadas na Liga Galega

XOGADORES PARTICIPARON

Antonio Serrano, que tiña a catro xogadores no banco, decidiu que disputaran máis minutos no partido co B pola tarde



Uriol presionando a un xogador compostelán | P. Losada

O Viveiro encadea por primeira vez esta tempada tres xornadas perdendo, tras caer ante o Santiago de Compostela B no Cembedo. Unha derrota que lles leva ao noveno posto da táboa clasificatoria na Liga Galega xuvenil.

Os de Antonio Serrano necesitan novos retos, tras quedarse fóra da loita polo ascenso, para que o que resta de tem-

pada non se faga excesivamente longa.

O estado anímico dos mariñaos e as numerosas ausencias foron determinantes nun encontro marcado polo vento desde os primeiros minutos. Na primeira parte soprou a favor do Viveiro e os celestes monopolizaron o xogo, aínda que con moitas precipitacións para poder romper o entramado defensivo

dun rival que vai a máis neste tramo de competición, tras sumar 12 dos últimos 15 puntos en xogo.

Ao descanso chegou co cero a cero inicial, sen que apenas se visen ocasións claras de gol, xa que o Viveiro estivo moi firme

en defensa, guiado pola intensidade que lle imprimiu en todo momento ao partido Pablo Louzao, pero en ataque os celestes non conseguiron atopar vías para xerar perigo.

A segunda parte empezou con boas sen-

sacións, ao dispoñer David Ben dun man a man co porteiro compostelán que non puido culminar tras regatealo. Con todo, cando máis preto parecía o un a cero, chegou o cero a un.

Tras un saque de esquina que despexou a defensa do Viveiro, perdeuse o balón na contra e o Santiago B inaugurou o marcador tras plantarse un dianteiro compostelán

só ante Juan.

O cero a un foi unha losa para a mermada moral dos celestes, que encaixaron o cero a dous tan só cinco minutos despois cun lanzamento de falta directa. O castigo foi excesivo co cero a tres, que chegou nos instantes finais, cando o Viveiro estaba envorcado ao ataque intentando recortar distancias.

Os postos de ascenso xa están a tan só tres puntos

TRAS GAÑAR AO LÍDER, o Calasancio suma 8 xornadas invicto



Ceri a piques de facerse co balón nos Escolapios

Novo golpe de autoridade do Calasancio na Liga Galega xuvenil, na que os de Denis López son, co Alondras B, os dous equipos de moda e os máis en forma da competición.

Tras sumar 20 dos últimos 24 puntos en xogo, o Calasancio pasou de loitar pola permanencia a meterse de cheo na loita polo ascenso, xa que o segundo posto está, a falta de nove xornadas, a tan só tres puntos.

O líder destacado da

competición, o Val Miñor B, presentouse nos Escolapios coa intención de asestar un golpe definitivo á Liga, e exhibiu o seu potencial nunha gran primeira parte na que o Calasancio tivo que poñer o mono de traballo para manter o cero a cero

inicial ata o descanso, e marcada pola choiva, o vento e a maior sensación de perigo do rival.

Xa na segunda metade, co aire a favor, o equipo monfortino deulle a volta ao guiño,



“Victoria importante que refuerza la dinámica de las últimas jornadas y el trabajo que esta haciendo el equipo”

DENIS LÓPEZ Calasancio



Arbitro: Saúl López Parga. Laura Correas e Joel Lanzós. Campo: Escolapios - Monforte

aínda que é certo que Losada detivo un man a man antes de que Bruno rematase ao fondo da portaría unha falta lateral coa que se adiantaron no marcador. A partir de aí, co marcador a favor, o Calasancio dominou

os tempos do encontro e dispuxo de claras ocasións, como un man a man de Nico, antes de que sentenciase o encontro Ceri co dous a cero, tras un saque de esquina na recta final do encontro.



Mario Prol conducindo o balón ante un rival



Rey a piques de cortar un avance deportivista

O Lugo descólgase no sprint final

DOUS GOLES NOS ÚLTIMOS MINUTOS desnivelaron o marcador final. Andrés fixo o 1-0 e a Yago anulóuselle o 2-0 por fóra de xogo

3

LUCENSES NO DÉPOR
Os mariños Pablo Martínez e Pol Bassa e o chairego Rares, que ademais marcou un gol, dispuxeron de minutos ao longo do encontro nas Gándaras

O Lugo soñou cos puntos ante o Deportivo durante gran parte do encontro disputado nas Gándaras, nun partido no que o 1-3 final ten moita letra pequena, xa que os lucenses adiantáronse no marcador, puideron ampliar a diferenza cun gol anulado por fóra de xogo e, tralo empate, cederon os tres puntos na



recta final con dous goles nos últimos sete minutos.

Ata entón, de inicio o Lugo intentou presionar en campo rival e tivo premio moi pronto, xa que aos seis minutos Mario Prol roubou un balón

no centro do campo e, tras xogar con Yago, este desde a liña de fondo atopou no punto de penalti a Andrés, que cun certo remate subiu o un a cero ao marcador.

O Deportivo non acusou o golpe e conseguiu saír ben da presión que exercía o Lugo en campo rival pese a ter vantaxe no marcador, polo que Jose Mato variou o debuxo táctico, pasando a un 4-4-2 e rebaixando a presión a campo propio para poder saír á contra.

O plan estivo a piques de executarse á perfección, xa que Yago fixo o dous a cero, pero o seu gol foi anulado por fóra

“Hemos demostrado haber recortado diferencias individual, grupal y colectivamente con respecto a este rival”

JOSE MATO CD Lugo

de xogo.

O Deportivo apenas inquietaba con ocasións claras, pero sacou a relucir a súa pegada ao borde do descanso co empate a un. Un gol que minou a moral dos lucenses ata intermedio.

Tralo paso polos vestiarios o Deportivo foi gañando terreo co paso dos minutos ante un Lugo que se defendeu con orde e soñou cos puntos ata que un lucense deulle a volta ao marcador, ao asignar Rares o un a dous cun remate no segundo pau. Á desesperada o Lugo adiantou liñas, pero terminou encaixando o excesivo tres a un final nunha contra.

“Dous erros en accións a balón parado marcaron o encontro e o resultado final” CORDAS CP Calasancio



Alexandre disparando a porta nun partido nos Escolapios

Guión e desenlace xa coñecidos este curso en Monforte

DERROTA NO TREITO FINAL e cun gol encaixado a balón parado polo Calasancio nos Escolapios

O Calasancio volveu ser competitivo e volveu estar metido de cheo na loita polos puntos, pero viu unha vez máis como se esfumaba todo o botín en xogo nos Escolapios.



O Val Miñor estivo a piques de ampliar a vantaxe tras un erro na saída que propiciou unha falta perigosa ao borde da área na recta final da primeira parte.

Os de Cordas caeron nesta ocasión ante un Val Miñor B, que, pese a contar cun equipo practicamente de primeiro ano, ten un gran potencial e demostrou especialmente na primeira parte sobre un terreo de xogo moi encharcado.

O mal tempo obrigou a realizar un fútbol directo que os visitantes sacaron proveito moi pronto, ao inaugurar o marcador tras un rexeite de Manu logo dun saque de esquina antes do cuarto de hora inicial.

As conducións ou sacar o balón xogado era imposible, e cando

Xa na segunda, o campo secouse e púidose xogar máis ao fútbol. O Calasancio deu un paso á fronte e devolveu as táboas ao marcador cun golazo por toda a escuadra de Cobo. A partir de aí os monfortinos tiveron os seus mellores momentos, cunha serie de ocasións nas que estiveron a piques de darlle a volta ao marcador, pero o equipo rompeuse na recta final e terminou encaixando o un a dous tras unha nova acción a balón parado, cun novo córner co que se escaparon os tres puntos dos Escolapios.



Herrero e Alex tras recuperar un balón en defensa



Andrés, autor do gol do Lugo, co balón pola banda



Jony sacando o balón xogado ante un dianteiro herculino



Trasi, autor do dous a un, nunha disputa aérea | **Pepa L.**



Arbitros: Pablo Polo, José Luis Rivera e Jorge Arita. Campo: O Cembedo - Viveiro



Luis, o máis incisivo do Viveiro, ante dous rivais | **Pepa Losada**

Xusta remontada do Viveiro no Cembedo

11 VITORIAS CONSECUTIVAS NA CASA para os de Luchi, que tan só cederon un empate na primeira xornada de Liga

“Un partido muy sufrido y disputado en el que fuimos merecedores de la victoria y de un resultado más amplio” LUCHI Viveiro CF

O Viveiro volveu acudir á súa cita cos tres puntos no Cembedo, onde os de Luchi sumaron esta tempada 34 dos 36 puntos en xogo ao ceder tan só un empate, na primeira xornada de Liga. A partir de aí, once vitorias consecutivas para os mariños en casa.

A última chegou ante o Santiago B nun partido no que se tiveron que

armar de paciencia ante un rival moi replegado que se puxo por diante no marcador na primeira parte.

O vento xogou un papel destacado neste partido, soprando a favor dos composteláns nos primeiros 40 minutos. Isto fixo que o Santiago B afrontase o encontro cun repliegue intensivo ante o que o Viveiro tivo difi-

cultades para atopar os espazos.

Á media hora de xogo chegou o cero a un, tras un balón longo que terminou en córner. No saque de esquina o vento propiciou un gol olímpico co que se adelantaron os visitantes.

O Viveiro intentou abrir o campo e entrar por banda, sobre todo cun Luís moi incisivo, pero o capítulo de ocasións na primeira parte resúmese cun disparo de

Juan ao poste.

Xa na segunda metade Luchi deu coa tecla ao variar o debuxo táctico. O Viveiro meteulle máis ritmo ao xogo e embotellou por completo ao seu rival ata que, a falta de vinte minutos, chegou unha xogada clave na que o porteiro visitante cometeu penalti e foi expulsado. Xoel transformou o lanzamento e un xogador de campo púxose baixo paus na portaría do Santiago B.

OS MELLORES

VIVEIRO CF	
LUIS	👍👍👍
TRASI	👍👍
XOEL	👍

O Estrada desluciu ao Lugo B a base de pegada

BOA VERSIÓN LUCENSE á que lle faltou a contundencia no remate



O porteiro Brais xogou toda a segunda metade

O Lugo B perdeu o seu primeiro encontro a domicilio no 2018 tras caer ante un Estrada moi efectivo, especialmente en accións a balón parado coas que castigaron no marcador final a un Lugo B que, sobre todo na primeira parte, mereceu irse ao descanso cun marcador favorable.

Os de Iván Alonso tiveron a iniciativa no xogo desde o inicio ante un Estrada que esperaba replegado no seu campo. O Lugo B asumiu o guiño de partido con gusto e realizou un bo

fútbol, con boa circulación de balón e con chegadas claras. Con todo, a pegada correu a cargo dos locais, que en dúas accións illadas levaron o marcador ata o dous a cero nos primeiros vinte minutos de xogo tras un balón longo ás costas da defensa, e cun remate libre de marca nun saque de esquina.

Ao Lugo B custoulle assimilar estes dous contratempos, pero ao filo do descanso recortou distancias ao rematar Brian un córner lanzado por Manu. A primeira parte aínda tivo un novo



“El equipo generó muchas ocasiones de gol, pero no compitió como sabe durante momentos puntuales”

IVÁN ALONSO CD Lugo B

Arbitro: Julio José Martínez, Sergio Maldonado e Jorge García. Campo: San Martiño, A Estrada

revés para o Lugo, co avultado e inxusto tres a un co que finalizaron os primeiros corenta minutos tras encaixar na última xogada, de novo tras un córner, o tres a un do Estrada.

Xa na segunda metade os lucenses foron menos

consistentes ao querer empatar antes de recortar distancias. O xogo foi máis precipitado e, pese a que Brian e Samu dispuxeron de claras ocasións, tan só Pérez atopou o camiño do gol xa no desconto, sen tempo para buscar o empate.



Buide medíndose cun xogador do Ural en defensa



Rosón, autor do un a cero, tras regatear a dous rivais



O capitán albivermello, Unai, co esférico ante un contrario

O Lugo estreia a conta na Copa Galicia infantil

SABOR AMARGO, xa que o Ural levouse un punto das Gándaras co definitivo empate a dous no último minuto

1º

GOL DE ROSÓN na Liga Galega infantil. O medio centro fixo o primeiro tanto do encontro tras poñer o balón na escuadra da portería rival nas Gándaras

Agrídoce primeiro punto para o Lugo na Copa Galicia infantil, tras estreir a conta ante o Ural nun partido no que os de Brais Prados foron mellores, pero no que tiveron que repartir o botín en xogo ao empatar os visi-

“No sirve de nada lamentarnos por el empate. Observar, corregir y seguir trabajando cada día para mejorar”

BRAIS PRADOS CD Lugo

tantes no último minuto.

Ata entón as sensacións dos lucenses foran boas desde os primeiros minutos, e froito diso Pablo Rosón inaugurou o marcador aos nove de xogo tras controlar o balón dentro da área e poñelo en toda a escuadra.

Jorge acariñou o segundo nun man a man, e Andrés tamén estivo a

piques de ampliar a vantaxe tras un pase da morte de Marco, nunha primeira parte totalmente controlada polo Lugo nas Gándaras.

No descanso, unha tromba de auga encharcou o campo, polo que o Lugo perdeu un pouco o control. O encontro entrou nunha fase de ida e volta na que os de Brais Prados pegaron primeiro,

ao subir ao marcador

Freire o dous a cero tras un lanzamento de falta lateral que ninguén tocou e que terminou no fondo das mallas.

O dous a cero durou pouco no marcador, xa que un minuto despois o Ural recortou distancias tras un dos poucos despités defensivos do Lugo ao longo do encontro.

Nos minutos finais os lucenses estiveron sobrios, pero nunha das últimas xogadas chegou o xerro de auga fría co empate a dous que firmou o Ural cun disparo lonxano.



Arbitro: Jorge Méndez, Alberto Lago e Carlos Casas. Campo: Rodríguez Lago 1



Freire nun lance do encontro disputado nas Gándaras

Vitoria épica e moi importante

4-3 NOS ESCOLAPIOS nun partido con hat trick de Adrián. David fixo o cuarto gol na media hora final que os monfortinos xogaron con dez

Segunda vitoria consecutiva para un Calasancio que xa lle tomou o pulso

a esta fase, na que segue escalando con rumbo fixo cara á permanencia tras

impoñerse ao Lérez nun partido de ida e volta no que os de Fontal apelaron á pegada de Adrián -autor dun hat trick e con 15 goles pichichi lucense da Liga Galega infantil- e á forza do grupo para saír airoso pese a xogar a última media hora en inferioridade numérica.

O partido foi frenético desde o inicio, sen control no mediocampo e con moita ida e volta, pegando primeiro o Calasancio co un a cero que asinou Adrián ao rematar un centro ao borde do cuarto de hora inicial.

Lonxe de acougar-se o



Arbitro: Saúl Parga, Óscar Cabañas e Joel Lanzós. Campo: Escolapios - Monforte de Lemos

encontro, volveuse frenético á media hora con tres goles en apenas cinco minutos. Primeiro empatou o Lérez cun penalti que lle custou a primeira amarela a Moledo, acto seguido Adrián culminou un cambio de orientación de

OS MELLORES
CALASANCIO
 ADRIÁN 4
 XOEL I. 2
 ÁLEX 2

Xoel Irimia, pero ao descanso chegouse co empate a dous tras un novo gol do Lérez.

Na segunda parte o Calasancio conseguiu facerse co encontro e Adrián fixo o tres a dous cun golazo de falta directa.

“Nos repusimos a cada golpe del rival para acabar haciendo 30 minutos muy serios con un jugador menos”

CARLOS FONTAL CP Calasancio

Pouco despois Moledo cometeu falta fóra da área e o árbitro expulsouno por dobre tarxeta amarela. No saque da falta o Lérez fixo o tres a tres cun disparo imparable para Diego.

Con media hora por diante, e cun xogador menos, o Calasancio apelou á forza do grupo e tivo a súa merecida recompensa co catro a tres final que estableceu David ao aproveitar un balón solto na área visitante.



Vila e Cereijo presionando a un xogador rival I Roi Fdez.

A outra xornada, por **EMILIO ROSANES**

Adestrador Nacional Uefa-Pro. Colexiado de Segunda División 'B' durante seis tempadas e ex-representante da Asemblea da Real Federación Española de Fútbol polo estamento arbitral

AUTÉNTICA SEMANA DE CHAMPIONS

Magnífica semana futbolística en la que los encuentros correspondientes a la eliminatoria de octavos de final de la competición más prestigiosa de nuestro continente, Champions League, nos ha vuelto a deleitar con las bellas emociones que emanan de nuestro deporte.

Cuatro encuentros que nos han dejado una serie de lecturas de muy interesante análisis.

Una primera viene dada por el reconocimiento de la afición del templo de Anfield Road a la figura de nuestro legendario guardameta, Iker Casillas, en su partido número ciento setenta y uno, muy posiblemente el de su despedida de la competición, seguido del detalle final del responsable técnico del equipo inglés, Jurgen Klopp, abandonando el terreno de juego juntos y abrazados a la finalización del encuentro, que nos hacen sentir la grandeza de la cultura futbolística existente en el país que inventó este deporte.

Un reconocimiento que, hasta el momento, no ha tenido precedente alguno en nuestro cainita país. Un país que llegó a proclamarse campeón del mundo, en parte, gracias a la magnífica intervención del guardameta ante el delantero holandés Arjen Robben cuando el encuentro discurría por sus últimos instantes, pero que acostumbra a olvidarse de las leyendas hasta el momento de su fallecimiento.

El detalle de la afición del Liverpool y de Jurgen Klopp con quien ha sido proclamado en

cinco ocasiones mejor guardameta del mundo, realmente, nos demuestra que nuestro guardameta, como bien merece, "Never walks alone".

La segunda lectura tiene su origen en el encuentro disputado en Wembley y en el que ambos conjuntos hicieron méritos para lograr el pase a cuartos de final, con una nueva magistral lección de la "Vecchia Signora" del fútbol europeo, más "Vecchia" y, posiblemente, más bella que nunca.

Los abundantes gestos de complicidad entre el guardameta Buffon y sus compañeros de línea defensiva ante el éxito de cada acción nos llena de emoción a quienes defendemos el fútbol como un juego de sentimientos en el que el objetivo colectivo siempre debe primar sobre el individual. El hambre mostrada por los jugadores más veteranos del conjunto transalpino, que han sabido convertir en arte la fase defensiva del juego, nos permite ser testigos de una nueva lección de absoluta lealtad y compromiso en la defensa de una entidad.

La tercera lectura nos la aporta la forma de despedirse de la competición del Basilea, logrando derrotar al todopoderoso Manchester City en su propio estadio, lo que nos permite volver a ser testigos de un nuevo episodio de que en este juego de once guerreros por bando cualquier resultado es siempre posible.



Por último, lo vivido en París, con el conjunto que pasea por el mundo el nombre de la más bella ciudad del planeta queriendo convertir a sus aficionados más violentos en el jugador número doce del encuentro y solicitándose desde el club local la nula presencia policial en la escolta del adversario en el traslado del hotel al estadio (petición felizmente denegada por parte de las autoridades responsables del orden público en nuestro vecino país), constituye uno de los actos más abe-

rrantes y generador de la lacra de violencia que aparece en nuestro deporte y que algunos se empeñan en alimentar para justificar sus despropósitos. Afortunadamente, han sido apeados de la competición por el vigente campeón, cuyo técnico supo dar lectura a situaciones acomodadas, apostando por la juventud en un momento decisivo de la competición.

Una nueva demostración de que, como ha afirmado alguien que sabe mucho de esto, las ideas y los valores no se compran.

premios líder 2018

fútbol-base lucense

NOMEADOS

Infantil Provincial **19 marzo**
 Cadete Provincial **26 marzo**
 Xuvenil Provincial **9 abril**
 F-8 Provincial **16 abril**

10ª
 Edición Gala Líder



PREMIADOS

Infantil Provincial **23 abril**
 Cadete Provincial **23 abril**
 Xuvenil Provincial **30 abril**
 F-8 Provincial **30 abril**

Infantil Liga Galega **7 maio**
 Cadete Galega - Honra **7 maio**
 Xuvenil Nacional - Galega **7 maio**
 Xuvenil División Honra **7 maio**



Rosón protexendo o balón ante Luisito nun lance do xogo

Un derbi pasado por auga catapulta á Resi

OS BRANQUIAZUIS superaron ao Lugo na batalla física

RESIDENCIA	2	0	CD LUGO B
Goles: Nico Corredoira e Gabri			
Arbitro: Marco A. Fernández Vázquez. Campo: A Cheda			

“Pasiño a pasiño, acadando pequenos obxectivos”

KAISER Residencia

“Noraboa aos xogadores por como competiron”

SEOANE CD Lugo B

7

VICTORIAS

A Residencia mantense invicta no liderado do grupo tras a disputa da sétima xornada da Promoción en infantil

Sétima vitoria consecutiva da Residencia que segue ampliando a distancia con respecto aos seus perseguidores. Os branquiazuis contan cun colchón de oito puntos sobre Milagrosa, cun partido menos, e Ribadeo tra vencer ao Lugo B nun partido condicionado pola tromba de auga que caeu

OS MELLORES

LUGO B	RESIDENCIA
-	LUISITO
-	RODRIGO
-	GABRI

sobre A Cheda minutos antes de comezar.

O céspede converteu o xogo directo na única alternativa para os dous equipos, tamén para o

Lugo, que nesa batalla física se viu superado pola Residencia. Impoñéndose en moitas disputas e recuperando balóns en campo contrario, os branquiazuis conseguiron chegar con perigo á área visitante, Gabriel e Iván dispuxeron das mellores opcións para adiantar aos locais que, sen embargo, non conseguiron abrir o marcador.

O acerto que lles faltou na primeira metade tivérono na segunda. Nada máis comezar, Nico Corredoira fixo o 1-0 ao empuxar no primeiro pau un balón que, servido por Lombardía, tras unha boa acción

pola banda. Apenas dez minutos despois, Gabri logrou o 2-0 tras controlar un balón ao espazo de Jorge e definir con calidade. Ayman e Dani tiveron despois dous man a man para recortar distancias ante un equipo local que esperou o final do partido buscando unha contra para ampliar o marcador.



Iván trata de controlar o esférico ante Pepe



Ayman recibe un balón defendido por Rodrigo, da Resi



Alejandro consegue levar o esférico ante Alex e Adan

O Burela tarda en abrir a lata, pero logra un triunfo que lle devolve o optimismo

PIRINGALLA	0
PORTO DE BURELA	3
Manuel	Manu Gómez
Calderón	Anxo
Noé	Gajoso
Santi	David O.
Oscar	Xosé
Javi Cela	Yago
Ángel	Alejandro
Adan	Iván
Cristóbal	Adrián
Andrés	Fernando
Simón	Ramiro
Lois	Mateo
Xoán	Lesteoás
Alex	Alex
Longarela	Manu Rivas
Lorenzo	Pablo Gil

Goles: Iván, Adrián e en propia meta.

Arbitro: Alejandro Luna Méndez

O Burela sumou nove dos últimos doce puntos en xogo, a mellor xeira da segunda fase para os de Javi Ruiz, que lograron a última vitoria ante a Piringalla. Cun once de vocación ofensiva, con Anxo e Xosé nos laterais, os mariñaos confiaban en dominar desde o inicio, pero

“Felicitación a Burela e Piringalla polo partido que disputaron”

JORGE Piringalla

“Temos que seguir adestrando igual. É a clave dos últimos puntos”

JAVI RUIZ Porto Burela

a Piringalla conseguiu manter o encontro no seu terreo, con moita loita e intensidade. Tras o descanso os visitantes acumuláronse xogadores por dentro e conseguiron maior fluidez. Desde o banco contabilizaron ata 14 remates na segunda parte, pero o 0-1 demorouse ata o minuto 60, e chegou tras unha indecisión dos locais que aproveitou Iván. Despois de abrir a lata, todo foi máis doado para os mariñaos, que pecharon o encontro.



Nico golpea o esférico nun partido disputado na Cheda

O Ribadeo iguala o encontro ante a Mila e mantén a súa candidatura ao Ascenso

SD RIBADEO	1
MILAGROSA	1
Iñaki	Borja
Díaz	Gael
Alvaro	Manu
Nanide	Bruno
Fran	Pablo
Gabri	Miguel
Diego	Rafa
Nico	Juan
Dani	Cris
Javi	Nico
Hugo	Diego
Mario	Héctor
	Mario
	Alberto
	Alex

Goles: Javi polo SD Ribadeo; Rafa para a Milagrosa.

Arbitro: Alejandro Ruiz Fra

O Ribadeo recuperou as boas sensacións esquecidas nas últimas xornadas e logrou ante a Milagrosa un empate valioso, que mantén a súa candidatura ás prazas de Ascenso.

Unha derrota sería un gran revés para os de Roberto, que afrontaban o

“Noraboa aos nenos. Demostraron que con esforzo poden estar arriba”

ROBERTO SD Ribadeo

partido con moitas baixas, entre elas a do seu máximo goleador Álex. O 0-1 de Rafa nunha contra no ecuador da primeira metade, na que Diego puido aumentar a vantaxe para os visitantes, poñía o partido complicado para os ribadenses.

Sen embargo, tras o descanso, os locais fixéronse co dominio e, no minuto 55, Javi fixo o 1-1. Despois, Nico tivo a mellor ocasión para desfacer o empate, e Rafa e Diego puideron marcar para a Mila, pero as táboas acabaron impoñéndose nun partido de moita intensidade e disputa por parte dos dous equipos.

Os últimos vinte minutos axitaron un partido baixo control dos locais

RC VILLALBÉS	5
SD VIVEIRO	5
David	David
Sergio Ocampo	Sergio
Hugo	Carlos
Oscar	Javi
Alex Losada	Pablo A.
Noel	Huguito
Martin	Mikel
Alex	Mendaña
Pablo	Ricardo
Javi	Veiga
Yago	Bruno
Xairo	Samuel
Breixo	Cuba
Brais	Oscar
Vicente	
Anxo	

Goles: Álex (3) Pablo Alonso (2), Huguito, Veiga e Bruno polo Viveiro.

Arbitro: Pedro Castro Gómez

“Incrível que acabamos empatando un partido no que fixemos moitas cousas ben”

SIMÓN RC Villalbés

“O peor partido da temporada en canto á actitude”

JANDRI SD Viveiro

Táboas entre Rácing Villalbés e SD Viveiro despois dun partido marcado polo descontrol que impoñeron nos últimos vinte minutos. Ata daquela os locais foran mellores e lograran unha renda cómoda, de 4-1, de cara ao último cuarto do partido. No



Os xogadores do Villalbés celebran un gol na Liga

entanto, o 4-2 levou certo nerviosismo no Rácing, e o encontro entrou nun ida e volta que a SD Viveiro aproveitou para darlle a volta ao marcador, 4-5. No tempo engadido os locais fixéron o 5-5, salvando sobre a bucina un punto, escaso para o dominio que exerceron durante a maior parte do encontro.



Adri, do Sagrado, e Marcos na loita por un balón

SAGRADO CORAZÓN	3	XOVE LAGO	2
Goles: Jony R. (2) e Duan.		Goles: Diego (2)	
Eliseo (Pablo)	Jonny L. (Iago)	Kevin (Iker)	Javito (Vázquez)
Xoán	Eder (Jose)	Marcos (Hugo)	Adri Rego
Marcos	Aarón (Losada)	Diego	Santi
Diego M.	Adri	Diego	Álvaro
Nico (Duan)	Samuel	Fran	Samuel

Árbitro: Luis Viña Seijas

Campo: Rodríguez Lago - As Gándaras - Lugo



Adrián trata de manter o coiro ante a presión de Éder

Premio á insistencia do Sagrado

PRIMEIRA VITORIA NO PROVINCIAL CADETE para os de Dani Díaz, que xa a viñan merecendo, pero chegou ante un Xove Lago que se adiantou por dúas ocasións no marcador

OS MELLORES

SAGRADO	XOVE LAGO
JONHY R. ⚽ ⚽ ⚽	DIEGO ⚽ ⚽ ⚽
DIEGO M. ⚽	ADRI R. ⚽ ⚽
XOÁN ⚽	KEVIN ⚽

súa cita co gol para inaugurar o marcador cun disparo desde a frontal da área.

O Sagrado non se descompuxo, e por medio de Xoán e Nico, tras dous saques de esquina, puido facer un empate que subiu ao marcador Jony Rodríguez tras culminar unha boa xogada colectiva.

Ao descanso chegouse con empate a un, e na

“Felicidades a todo el equipo. Nuestro objetivo sigue siendo el mismo; el de mejorar” DANI DÍAZ Sagrado C.

segunda parte o Xove volveuse adiantar, de novo por medio de Diego ao superar a Marcos Sanfiz no man a man.

Con media hora por diante o Sagrado volveuse a meter de cheo na loita pola vitoria moi pronto.

“Condenáronnos os nosos propios erros neste encontro”

MAIKEL Xove Lago

ao empatar Jony R. cunha volea, mentres que Duan culminou a remontada cun certo remate de cabeza cun cuarto de hora por diante no que os dous equipos puideron marcar, pero o tres a dous xa non se moveu do marcador final nas Gándaras.



Diego vaise por velocidade entre Xoán e Eliseo

A Residencia volveu á senda da vitoria tras remontar ante o Ribadeo



O ribadense Miguel e Jorge nunha disputa polo coiro

“No debemos relajarnos. Felicito al equipo por este partido” ADRIÁN SUÁREZ Resi

Xa na segunda parte a Residencia pegou con forza con dous goles nos primeiros cinco minutos por medio de Hernández e Conde. Con tres a un no marcador o encontro foi outro, xa que a Residencia atopouse máis cómoda no terreo de xogo ante un Ribadeo que tivo que remar contrarrente.

Os capitalinos gustáronse no tramo final á contra e levaron o marcador final ata o avultado seis a un co que volveron á senda da vitoria tras ceder os tres puntos en xogo ante a Milagrosa a pasada xornada.



Hernández trata de eludir a presión de del Viso

RESIDENCIA	6
RIBADEO	1
Sanmiguel	Cristian
Brais	Castañal
Cristian	Roi
García	Hugo
Sebas	Borja
Roi	Adrian
Martin I.	del Viso
Adri	Kei
Hernández	More
Conde	García
Vilarin	Casanova
Martin Bena	Lucas
Juanjo	Diego
Jorge	Mario
Pablo	Miguel
Ángel	Victor

Goles: Adri, Hernández (2), Conde, Martín Bena e Ángel pola Residencia; Casanova polo Ribadeo.

Árbitro: Alberto Lago Barrero.

A Residencia impúxose ao Ribadeo na Cheda nun partido máis igualado do que indica o marcador final, xa que ao descanso chegouse con empate a un e durante gran parte dos primeiros corenta minutos os mariñoas

A Milagrosa sorri ao contragolpe

SARRIANA	0
MILAGROSA	4
Chechu	Gorka
Cao	Nair
Michi	Manu
Arias	Xoel R.
Monir	Fran
Fabian	Andrés
Prieto	Diego
Marco	Xandre
Alex	Xoel Alvarez
Hamza	Neira
Abella	Marco
Miguel	Xabi
Somoza	Burde
Dieguin	Humberto
Borja	David
	Adrián

Goles: Fran, Diego, Neira e Marco pola Milagrosa.

Árbitro: Oscar Cabañas López

A Milagrosa recuperou o sorriso na Ribela tras perder entre semana o seu primeiro encontro da tempada, e fixoo ante unha versión competitiva da Sarriana.

A igualdade foi a tónica dominante, pero Marco, ao rematar un centro de Neira, puxo en vantaxe aos de Madriles, que co marcador a favor atopáronse máis cómodos e sentenciaron o partido á contra ante unha Sarriana que non mereceu o cero a catro final tralo visto ao longo dos oitenta minutos na Ribela.

“Resultado enganoso, merecimos mellor premio” PEDRO Sarriana

O Castro presentou esta semana a súa candidatura oficial ao Provincial

CASTRO	3
POLVORÍN	1
Riveira	Dilan
Pollán	Michi
Asier	Martin
Raúl Díaz	Sebas
Jorge	Nico
Raúl Cendán	Alex Alvarez
Marco	Alex Fdez.
Pablo	Andrés
Goás	Javi P.
Kevin	Marcos
Manu	Yago
Marcos	Dhomi
Rubén	Oscar
Miguel	Lucas
Champi	Raúl
Mario	Diego

Goles: Jorge, Marco e Goás polo Castro; Michi polo Polvorín.

Árbitro: Iván Prado López

O Castro despegou esta semana, na que conseguiu o que ningún outro equipo lograra ata a data na categoría cadete: impoñerse á Milagrosa. Os de Raúl Morán fixérono o mércores tras un vibrante encontro que finalizou con 4-3, e coa vitoria do pasado sábado ante o Polvorín, presentaron oficialmente a súa candidatura ao Provincial.

O encontro estivo marcado polo vento e a igualdade, pero a pegada correu a cargo dun Castro que ademais tivo en Riveira un seguro baixo paus para selar os tres puntos no Municipal.

Jorge inaugurou o marcador á saída dun córner no ecuador da primeira

“Partido muy igualado, nos quedan siete para seguir progresando”

RAUL MORAN Castro

“Felicito a los chavales por el esfuerzo en un día muy complicado para poder jugar”

CABALLERO Polvorín

6

PUNTOS do Castro esta semana tras ser o primeiro equipo que suma os tres puntos ante a Milagrosa esta tempada, e logo de impoñerse ao Polvorín no Municipal

parte, pero ao descanso chegouse con empate a un tralo gol de Michi para os capitalinos.

Na segunda metade Goás fixo o dous a un tras unha nova acción a balón parado, e acto seguido o Polvorín puido empatar por medio de Yago e Dhomi, pero Riveira evitou e Marco sentenciou o encontro no tempo de desconto para un Castro que cotiza á alza no Provincial cadete.

Empate agridoce nas Gándaras

SAGRADO E BURELA firmaron un 3-3 que non satisface as necesidades de ningún



Andrés recibe o balón de espaldas ao branquiazul Muínelo



O burelao Iván controla o coiro por diante de Júnior

O reparto de puntos no Rodríguez Lago deixou a Sagrado Corazón e Burela con ganas de máis; para os locais polo amosado no

terreo de xogo, e para os mariños pola necesidade de sumar traloz tropezos ante Residencia e Ribadeo das pasadas xornadas.

SAGRADO CORAZÓN	3	3	PORTO BURELA
Goles: Daniel, Róber e Yeray			Goles: Jorge, Yago e Borja
Árbitro: Johann Sebastian Cediel			Campo: Rodríguez Lago



Delvis protexe o esférico ante Rubén e Andrés



Emiliano a piques de cortar o avance de Delvis

“En este partido nos merecimos los tres puntos”
BRAIS ROZADOS Sagrado C.

Os de Brais comezaron mandando no partido e adiantáronse cedo cun gol de Daniel. O Burela pouco a pouco foise asentando nun campo incómodo para o xogo dos de Oke, que aínda así conseguiron empatar grazas a un gol de

“Debemos espabilar todos, empezando por min”
OKE Porto Burela

